

SEGUNDA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓN S O B X E C T O D O C O N V E N I O D E COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CERDEDO COTOBADE PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE ENSANCHE E MELLORA DASEGURANZA VIARIA NA E.P. 0405 XESTEIRA – ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – SUBVENCIÓN DUS5000

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cerdedo - Cotobade, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 13 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo - Cotobade asinaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na E.P. 0405 Xesteira – Almofrei, p.q. 0+000 ao p.q. 1+500*”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2024 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 15 de novembro de 2024 acordou ampliar o prazo de execución da obra ata o 8 de xaneiro de 2025. Este acordo implica que as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido inicialmente no Convenio, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2025 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo – Cotobade para a execución do proxecto de obras de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na E.P. 0405 Xesteira – Almofrei, p.q. 0+000 ao p.q. 1+500*”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 13 de febreiro de 2023 e modificado pola adenda asinada o 2 de agosto de 2023 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

O presidente da Deputación Provincial,

O alcalde do Concello de Cerdedo - Cotobade,

Luis López Diéguez,

Jorge Cubela López

O secretario xeral da Deputación

Documento datado e asinado dixitalmente

